

Da galegofobia á galegofilia

Ata este momento vimos falando sobre todo da paisaxe e da historia, apenas da xente. Ímolo facer agora. As enquisas adoitan situar os galegos entre os pobos que gozan de maiores simpatías entre todas as comunidades autónomas españolas. Ao galego, en liñas xerais, téñeno por un individuo apracible, quizais algo dubitativo, irónico... Son lugares comúns, pero os galegos non os discuten. Gústalles esa imaxe de si mesmos e, consciente ou inconscientemente, cultívana. Esa percepción que se ten deles é, de feito, tan positiva que poucas veces nos decatamos de que tamén é recente. En realidade, non vai alén de dúas ou tres décadas. Antes o asunto era distinto. Moi distinto. Vexamos un exemplo:

O galego é un animal moi parecido ao home, inventado para alivio do asno.

Esta frase lapidaria coa que Mariano José de Larra resumía o carácter da galeguidade no século XIX non era ningunha saída de ton dun xornalista cunha coñecida tendencia ao malhumor. Era a continuación dunha longa e abraiante tradición de improprios que, para entón, tiña xa trescentos anos.

Esoutro poema, en troques, escribiuno Rosalía de Castro na segunda metade do mesmo século XIX:

*Permita Deus, casteláns,
Casteláns que aborrezo,
Que antes os galegos morran
Que ir pedirvos sustento.
Pois tan mal corazón tedes,
Secos fillos do deserto,
Que se amargo pan vos gañan
Dádesllo envolto en venero.*

Segundo Cernuda, estes versos foron a razón pola que Juan de Valera castigou a Rosalía deixándoa fóra da súa antoloxía de poetas españois (se é que isto pode considerarse un castigo). Mais o que fixera Rosalía non era senón responder, nun ton case igual de agresivo que o de Larra, ao que consideraba unha persistente xenofobia contra o seu pobo. E o máis abraiante de todo para nós é que ela era, practicamente, a primeira persoa que se atrevía a facelo.

Non, galegos e españois teñen estado por moito tempo moi lonxe do idilio que viven agora. Ese cambio de actitude, que sen dúbida hai que celebrar, merece un capítulo. Galicia non pode entenderse sen el, porque de feito o concepto de «galego», en moitos sentidos, *naceu* aí.

Supoñendo que puidésemos consideralos «galegos», a imaxe dos galaicos nos textos antigos non reviste un especial interese: está esbozrada pola brétema dos descoñecementos xeográficos da época. Aos habitantes do noroeste peninsular aplícaselles o cuño do que gregos e romanos entendían por «barbarie». Para Estrabón, os galaicos eran «coléricos» e, sorprendentemente, tamén «ateos» (aínda que, acto seguido, pase a describir os seus rituais relixiosos). Para Silvio Itálico, «ouvean na súa lingua bárbara», pero polo menos son valen-

tes. Para Apiano son valentes mesmo elas, «preferindo a morte á deshonra» caso de ter que elixir entre dúas opcións tan pouco atraentes.

Xa vimos que na Alta Idade Media chamábanlles «galegos» a todos os cristiáns do oeste e o norte da Península, a excepción dos vascos. Para os árabes eran unhas veces «valentes» e outras «raposeiros», «asnos», «cans», «infieis». Choque de civilizacións. Nada que haxa que tomarse a mal.

É co Camiño de Santiago, e os primeiros visitantes estranxeiros, cando empezamos ter unha idea comparativa do que se pensaba dos galegos. Xa falamos do *Codex Calixtinus*. O diagnóstico que presenta non é malo, en principio: «As xentes galegas concordan mellor que as demais xentes españolas coas francesas, polos seus costumes cultos» (non fai falla aclarar que o probable autor do texto era el mesmo francés). Os peregrinos dos que nos chegaron diarios de viaxe son un chisco máis críticos. Láianse da raposería do sector hostaleiro galego do século XII, da sucidade dos albergues e, en xeral, da baixa calidade do que chamaríamos «as infraestruturas». Pero non hai un xuízo sumario sobre as súas xentes. Tampouco casteláns, portugueses e aragoneses parecen ter grandes queixas. Ata ese século, os reis foran, e seguían a ser, moitos deles «galegos», e o prestixio da súa lingua como vehículo para a poesía relacionaba dalgún xeito o galego coa sofisticación, o soño anticipado da actual moda téxtil galega. Daquela, coma hoxe, «o galego era fermoso».

Pero, como lle ocorreu á paisaxe, á chegada da Idade Moderna todo isto cambiou de vez. O que vai suceder entre os séculos XIV e XV en Galicia é unha das caídas en desgraza máis rápidas e fondas que imaxinarse poidan, e vai ser na época dos Austrias, e en concreto no chamado Século de Ouro, cando estoupe un odio social contra os galegos que, como imos ver, non ten fácil parangón.

De momento, algunhas frases entresacadas ao azar. «Antes puto que galego» (Gonzalo de Correias, século XVII); «Xente pobre, grosei-

ra, pouco caritativa», «viles camas, peores, casas; xente receosa» (Bartolomé de Villalba, século XVI); «os galegos son os máis deles da xeración do ladrón» (Francisco de Zúñiga, 1527); «Reino infeliz, desventurado / de España esterqueira» (Amaro Rodríguez, século XVII).

E isto non fixo máis que empezar. Para G. Lucas Hidalgo (1605), Galicia era toda «cortellos e sucidade», e un dos seus personaxes indignase ao oír que a eloxian. «Que demos loubades da terra de Galicia -di-, que xuro a Deus que toda ela é terra de merda?» Tamén a condesa D'Aulnay repróchalle o seu cinismo a alguén que gabara Galicia na súa presenza, «pois non debes ignorar que [Galicia] é tan pobre e de escasa beleza que non permite gabanzas». O licenciado Molina pode que fose un destes escasos admiradores de Galicia. Como cartógrafo, percorreraa naqueles mesmos anos e confesaba que, cada vez que se lle ocorría falar ben dos galegos, a xente pensaba que estaba de broma...

Sabemos que esta actitude non era algo puntual precisamente a través das pouquísimas voces que se alzan par defender aos galegos, e que aínda así fano por paternalismo ou caridade cristiá. Quevedo, que tiña tan poucos entusiasmos, foi un dos seus inesperados paladíns, pero no seu caso había unha razón persoal: era cabaleiro da orde de Santiago. Aínda así, Quevedo non ten máis remedio que recoñecer que Galicia «en España a teñen en desprezo por ruda, pobre, bárbara e remota, pouco favorecida da Natureza, fea, montesía e áspera».

Tamén Góngora tiña algo persoal con Galicia, pero no seu caso non era a favor senón en contra: o conde de Lemos, o gran mecenas do seu tempo (Cervantes dedicoulle o *Quixote*), non tratara ben ao poeta cordobés, ou polo menos non tan ben como el cría merecer. Góngora, polo xeral tan hermético, deixou a unha parte o seu famoso «culteranismo» para escribir un poema que, por fin, se entende á primeira:

*O, montaña de Galicia
Cuxa, por dicir verdade,
Fermosura é sucidade,
Cuxa maleza é malicia.*

E se o galego non estaba moi ben visto, que dicir da galega... A imaxe da doce moza campesiña que pasará polas novelas costumistas do século xx, triscando descalza e feliz, está aínda moi lonxe. Para J.B. Confalonieri (1594):

As mulleres de Galicia levan vestidos extravagantes, e son de natural feas e con pouca vergoña. Non só van descalzas, senón tamén coas saias levantadas. Son sucias e desaseadas na casa e nas súas persoas.

Un personaxe de Tirso de Molina di que é «moito pedir» atopar unha galega que sexa virxe, e Lope de Vega, o Fénix dos Enxeños, converte este clixé, polo visto obsesivo entón, en algo máis poético, por dicir algo.

*Ai, galega, repoluda como un nabo,
entre porca e muller, que baixa ao río...*

Non son exemplos buscados con lupa. O desprezo pola muller galega é un dos chistes máis persistentes da literatura da época. Nas súas «Redondillas á moza galega», Jaime Orts escribe en 1594:

*Mociña, que na pousada
Ningún a gustarte chega
Que non te atope salgada.
Ben vale que sexas galega
como sardiña arencada...
E tes tan gran gala*

*No mal, que non se iguala
Ningunha nas túas malas trampas*

Está claro que a *venta*, o «puticlube» de estrada do Barroco, era un lugar onde foran caer moitas labregas galegas empobrecidas, porque no *Quixote* de Avellaneda un personaxe comenta que ao viaxeiro...

Non lle faltará unha moza galega que lle quite os zapatos, que aínda que ten as tetas grandes, é xa pechada de anos, e como vosa mercede non peque a bolsa, non hai medo que ela peche os brazos.

Noutra pasaxe igualmente feminista do mesmo libro aparece outra galega «fácil no prometer e moito máis no cumprir». Canto ao *Quixote* xenuíno, os galegos tampouco saen moito mellor parados. E isto a pesar de que Cervantes Saavedra levaba, por algunha razón descoñecida, dous apelidos galegos. Os chamados «yangüeses» na edición definitiva do texto, os malvados pastores que mantean a Sancho e lle rouban, eran orixinariamente galegos.

Pero deteñámonos un momento. Non estaremos esaxerando? Non será isto simplemente o habitual exercicio do estereotipo? Non estamos perante os mutuas retesías entre veciños que se poden encontrar en todos os países? Non estaremos caendo nese pecado mortal dos historiadores «periféricos», o vitimismo?

Desgraciadamente, a resposta é que non. O caso de Galicia é especial. Acada tal grao de agresividade e violencia que a penas pode compararse co trato dado aos gascóns en Francia e aos irlandeses en Inglaterra, e aínda nisto hai unha diferenza considerable.

De onde viña semellante odio? En primeiro lugar hai que considerar, por suposto, a pobreza. A Galicia relativamente rica de finais da Idade Media caera en picado coa súa incorporación ao imperio dos Habsburgo. As guerras provocaran o afundimento do seu co-

mercio marítimo no momento en que este empezaba a despegar. Chegara ao seu fin, por exemplo, a rendible exportación de viños de Ribadavia, que desapareceu en favor dos portugueses. A xeoloxía tampouco axudaba. Imperceptiblemente, a costa galega estase levantando moi a modo desde hai millóns de anos. No século XVI non foi tan imperceptible: varios portos, ao non dragárense coa necesaria frecuencia, perderon o calado. E se a xeoloxía danou o comercio marítimo, a teoloxía fixo o propio co terrestre. O auxe do protestantismo no norte de Europa puxo fin ao outro gran negocio galego, as peregrinacións, co mesmo Lutero cualificando de «invención literaria» os restos apostólicos. «Non se sabe se o que está soterrado é un cabalo morto ou un can morto», díxolle ao elector de Saxonia. O Camiño de Santiago pechou con perdas.

A todo isto hai que sumar as pésimas colleitas que seguiron ao brusco empeoramento do clima en todo el planeta, do que xa falamos. En Galicia hai rogativas contra as chuvias catastróficas en 1677, 1679, 1680, 1687, 1690, 1692, 1697, 1698, en todo ese tempo, só se contados anos secos. Como di o refrán galego, «a fame entra nadando». No século XVII ata a fame corría o risco de afogar. É a partir de entón cando o pobre e o vagabundo converteranse en personaxes tan característicos da vida cotiá galega que, como recorda o sociólogo Sixirei, «non hai ningún testamento da época en Galicia que non faga referencia a eles.» Polo tanto, e sen ser necesariamente «unha esterqueira», como dicía o predicador Amaro Rodríguez, si é verdade que a pobreza de Galicia non tiña parangón. Non o tiña nin sequera coa de Andalucía, que contaba co ouro de Sevilla, nin coa de Estremadura, que tiña a saída do exercito e a carreira das Indias (aos galegos sen título universitario esta estívolles vetada ata o século XVIII). Simplemente, é posible que Galicia fose neste século o lugar máis pobre de todo o occidente de Europa.

Claro que para Bartolomé de Villalba todo isto eran parvadas. Se os galegos eran pobres só eles tiñan a culpa:

...xente desaxeitada, malos traballadores, de onde lles veñen as moitas fames que padecen de pan por non cultivar o fértil termo que gozan. Son epicúreos, larpeiros e receosos, teñen pouca lealdade.

Epicúreos? Home, tanto como epicúreos... Esa pobreza, sumada á superpoboación crónica, obrigaba a milleiros de galegos a emigrar á corte, onde os únicos oficios que tiñan abertos eran os máis humildes: vendedores de augas (en Madrid e en Lisboa case que todos eran galegos), peóns, cocheiros e sobre todo lacaios. Quitando ao xa mencionado conde de Lemos, todos os galegos cos que tiña posibilidades de atoparse un castelán era, invariablemente, criados. «Non saen tantas flores en dez maios / como en Galicia mozas e lacaios», escribía L. Quiñones de Benavente. Pero mesmo entre os lacaios, polo visto, os galegos eran máis desprezados que os demais. Así, un servinte de Lope de Vega, ao verse acusado de mentirán, apurase a dicir que «cando o lacaios é galego, leva *vuseasté razón*», e Lope mesmo escribe, coa súa simpatía habitual:

Porque han ser os criados (salvo en todo os galegos) obedientes como cegos, e, como mudos, calados.

(A estas alturas, xa quedaría claro que Lope de Vega non era precisamente un galeguista. Por non gustarlle, nin sequera lle gustaba o viño galego: «Viño de Ribadavia outros beban», escribiu. «Ogallá», pensarían os arruinados colleiteiros ourensáns...)

É posible que en todo isto tamén tivese algunha influencia a cuestión da lingua. Pensemos que na Coroa de Castela tan só os biscaíños falaban outro idioma, e aínda que, como sabemos polo *Quijote*, se facía burla deles por este motivo, non deixaban de ser unha elite. A lingua galega, en cambio, nin sequera se contemplaba con

humor senón con irritación. Máis que unha lingua diferente, tomábase por unha especie de dislexia.

Pero é que, ademais, os galegos tiveron a desgraza de chegaren a Madrid xusto no apoxeo do gran medio de comunicación de masas da época: o teatro. Nel as figuras do lacaio e a fregona galegos converteranse en personaxes fixos e forxarán un perfil duradeiro no imaxinario español. E isto sucede nos anos, precisamente, en que se constrúe a idea da historia de España. Isto ponnos, quizais, en disposición de comprender finalmente por que os primeiros historiadores non poden chamar «reino de Galicia» ao antecesor do reino de Castela e elixen como antepasados aos nobres e rexoas asturianos e cántabros.

Pero nin a pobreza nin o idioma explican todo. Galicia fora incorporada ao reino de Castela case que como unha terra de colonización, desposuíndoa da súa personalidade xurídica e eclesiástica, suprimindo ou substituíndo a súa nobreza. En toda a Coroa, os galegos eran os únicos súbditos que non era «casteláns» como tales (de novo coa excepción dos biscaíños). Estes galegos, un 18 por cento da poboación nun reino obsesionado pola súa identidade e a pureza de sangue, espertaban un «terror demográfico» non moi diferente do que a algúns lles inspiran hoxe os inmigrantes. Neste senso, pódese dicir que os galegos eran os subsaharianos do século XVII...

Había tamén un elemento político nesta xenofobia. É aquí onde entra a «pouca lealdade» da que falaba Bartolomé de Villalba. Preocupaba a relación marítima con Inglaterra, ata o punto de que a Inquisición chegou propoñer en serio o peche de todos os portos galegos «para evitar o contaxio luterano». As primeiras vítimas do Santo Oficio en Galicia serán, en efecto, cinco infortunados mariñeiros ingleses naufragados en Fisterra e queimados en Compostela. Pero sobre todo é significativo que unha das acusacións que con maior frecuencia se lles faga entón aos galegos sexa a de «covardes», particularmente no que se refire á defensa da fronteira con Portugal.

E é que, para sermos xustos, non todas estas acusacións de «deslealdade» eran unha paranoia da Corte. A «raia», como se lle chama en Galicia á fronteira con Portugal, cun desprezo significativo, seguía sendo máis que permeable, malia os esforzos da milicia. Proba disto é que o capitán xeral dos exércitos imperiais en Galicia tivo que ser substituído ata sete veces durante a guerra de independencia portuguesa de 1640. O vínculo entre as dúas beiras do Miño era, e segue a ser, moi poderoso. Anecdótico, pero significativo, é que, aínda máis de trescentos anos despois, a Segunda Asemblea Nacionalista galega de 1919 esixa que se exima aos galegos de combater nunha hipotética guerra contra Portugal «por ser esta unha nación irmá». Inda hoxe, a profecía dunha unión con Portugal segue a figurar na letra do himno galego.

O curioso é que o propio Portugal inspiraba moito máis respecto que Galicia e, no período nos que as relacións co país veciño non eran malas, os galegos intentaban facerse pasar por portugueses para fuxir do escarnio. Esta práctica, que nos pode dar unha idea do estigma que supuña ser galego, estaba estendida mesmo entre a baixa nobreza de paso pola corte. Nunha das súas obras, Tirso de Molina presenta dous fidalgos galegos que reflicten esa ansiedade de seren recoñecidos como tales. Avergoados, porfía en convencer ao outro de que non renegan da súa condición de galegos, «como tantos fan». Cabe dicir que, lamentablemente, os portugueses eran os que máis se incomodaban por esta confusión, que facía que os tomasen a eles por galegos. «Ou, sórdidos galegos, duro bando», escribiu o gran Camoens (quizais en parte picado polo complexo de ser el mesmo, madia leva, de orixe galega).

Neste senso, non deixa de ser rechamante que a mesma lingua que parecía «ruda e groseira» en boca dun galego resultase «harmoniosa e delicada» en boca dun portugués. A pesar das rivalidades ocasionais, Portugal era o último en sofisticación; de aí que ás princesas

as chamasen «meninas» (*meninhas*, nenas) ou que se usase a terminoloxía da lencería lusa (*corpinho*). «Docísima, e para os versos, e máis suave» era a lingua portuguesa para un autor castelán, que mesmo a aprendeu e chegou a usala na súa poesía. Ese autor non era outro que... Lope de Vega.

En troques, ao galego non é xa que o insultasen, cousificábano, como se se tratase dun «non-ser». Cando Baltasar Gracián faga en 1657 un repaso dos clisés contemporáneos, atopará que aos italianos téñenos por «invencioneiros» (fantasiosos) e aos ingleses por «desvanecidos» (austeros). Os galegos eran simplemente uns «cuitados» (coitados), uns «pobriños» que nin sequera merecían o seu propio tópico nacional. En *A tía finxida*, unha comedia do século XVII, dise que hai que andar moi atento cos andaluces, «porque son agudos e perspicaces de enxeños, astutos, sagaces e non nada miserables». Mais dos galegos a tía dille á súa sobriña que non teña coidado, «porque non son alguén». É dicir, non son ninguén.

Compréndese que neses séculos o galego se converta en carne de canón para o exército, e sobre todo para a mariña. Aos pescadores prohibéselles faenar se non están «matriculados», co que quedan expostos ás levas forzosas. No 1603 chégase ao extremo de alistar sen máis, a punta de pistola, un certo número de burgueses de A Coruña para unha misión suicida na escuadra de Oquendo. Cando se queira experimentar cun poboamento na Patagonia, farase con galegos, e cando se intente repetir a experiencia nas Alpuxarras, Filipe II vai volver contar con eles, co resultado de que, de máis de cinco mil, non sobrevivirá ningún. Cósimo de Médicis, que viaxa por Galicia neste tempo, tira a vaga impresión de que «os galegos non teñen gran quenenza pola milicia». É posible...

Mais sigamos profundando un pouco máis. Nesta España dos Austrias, o galego non sempre é un non-humano, ás veces é *sub-humano*. De Estebanillo González, o protagonista da famosa obra cómi-

ca, sábese que é galego «porque tira couces». Ao cabo, el mesmo explica que a súa «parte de home» venlle do que ten «de Roma» (de católico) e «a parte de besta», polo que lle «toca de Galicia». Por esas datas, a fame obrigaba aos campesiños galegos a comer a pataca, en principio reservada aos animais. Así mesmo a gandería de subsistencia empúrraos a meter os animais dentro das casas (un costume que algún antropólogo ten tomado por «unha pervivencia neolítica»). A animalización planeaba de verdade sobre un pobo ao límite das súas forzas. A broma das couces non tiña graza.

Xa vimos a simpática descrición lopesca da galega como «entre porca e muller». Neste Século de Ouro do insulto Góngora chama aos galegos «bestas» e «feras», e Jaime Orts dille a unha moza galaica que «as bestas quérente ben / pois con putería novas / palla e cebada lles levas», e tamén que «non vos diferenciades en nada / porque a carga pesada / todas levádela contigo / as outras no camiño / e ti só na pousada». Orts continúa a súa enxeñosa comparanza: galega e besta son similares, pois «todas sodes cabalgaduras / todas tedes mazaduras». Mesmo, mareando a perdiz, hai unha «animalización da animalización» cando Gonzalo de Correias escribe que as mulas de Galicia son «máis falsas que as doutras partes».

Unha e outra vez, os autores casteláns describen ao galego como un ser bestial: «os bos peixes dos galegos» (Amaro Rodríguez, século XVII), «os animais dos galegos» (o mesmo de antes, por se non estaba abondo claro). «Lobo de alcume que é, e fraudulento, e que de continuo é cruel e sanguinoso», escribe Bartolomé de Villalba nun poema de 1577 que insiste sobre a mesma idea:

*No folgar e roubar ten contento;
Folgazán, fementido e moi larpeiro
Preguiceiro, como o lobo carniceiro
E o que de el máis sinto non refiro.*

Menos mal. Lonxe quedaban os tempos nos que se veneraba Galicia por conter os restos do apóstolo Santiago. Agora, convertido este en «Patrón das Españas», que estea soterrado alí parece unha especie de roubo, un honor inmerecido. Amaro Rodríguez propón que se lle deixe de chamar «Santiago de Galicia», xa que é unha deshonra para o santo. Villalba insinúa que telo levado alí tivo que ser un erro de Xesús Cristo, e un soneto anónimo vai aínda máis lonxe: pregúntalle ao Creador como é posible que consinta que os galegos lle chamen «Pai», expoñéndose así «a tan ruín parentesco». Pídeselle a Deus que rectifique e que deixe os galegos fóra da cristiandade para así non pasar a vergoña de telos el por irmáns. Outro texto anónimo alégrase de que polo menos o apóstolo estea soterrado nunha cripta, porque así non ten que ver «esta terra» nin ela pode velo a el. Case que se agradece a xenofobia do padre Cornejo, que polo menos ten graza cando escribe que, se se afundi a nave que levaba a Santiago Apóstolo, foi do desgusto de ver que chegara a Galicia.

Pero o asunto non era tan divertido entón. Na sociedade da Contrarreforma, na que ser cristián era un honor e non selo un perigo, as insinuacións de que os galegos non o eran de todo resultaban máis inquietantes do que poidan parecer agora. Andrés Laguna xa acusaba os galegos de non visitar nunca ao Apóstolo e de pensar que «non é mester crer en Deus nin facer cousa que o pareza». O predicador Amaro Rodríguez era outro dos moitos que poñían en dúbida o cristianismo dos galegos, e conxectura que se o Apóstolo está exposto alí día e noite debe ser para que non se esquezan de que Deus existe. Gonzalo de Correas é aínda máis claro: o galego está disposto a «facerse mouro» por dous reais e medio «con muller, fillos e todo». Ignórase como calculou a cifra exacta.

O interesante é que, a diferenza do que ocorría cos andaluces ou cos «cristiáns novos», non había ningunha razón para sospeitar que os galegos puidesen ser conversos, pois a xeografía facíao moi improba-

ble. Era o seu status sub-humano o que os asimilaba aos infieis. Así, Salas Barbadillo (1612), ao falar dun musulmán, di que evitaba o trato cos cristiáns «exceptuando os galegos, por parecerlles que entre eles e os mouriscos a diferenza non é considerable». «Xentes que teñen algo de xitano, de mourisco, de bárbaro e de alemán», eran os galegos para J. B. Confalonieri. «Galegos, xente *non sancta*», escribía o ínclito Lope de Vega, apurándose esta vez a facer excepción dos «nobres, que é do mellor de España» (o conde de Lemos viña de aceptalo por fin como «camareiro» na súa casa).

Aos galegos víaselles mesmo como menos relixiosos que os indios de América. Nun curioso texto de 1556, un xesuíta castelán advirte da «gran necesidade de doutrina que hai no reino de Galicia, a cal entendo que é tan grande que creo certo non debe ser maior a das Indias». Ata o clero galego se tiña por especialmente pouco instruído, aínda que aquí podemos ver tamén algo sospeitoso. Cando lemos as queixas dos xesuítas e dominicos casteláns contra os sacerdotes galegos, detectamos que o que se persegue non é tanto a «laca-nería» ou a «falta de instrución» como a convivencia dos clérigos co campesiñado, do que eles mesmos saían e co que compartían unha relixiosidade pouco doutrinal. Pódese falar mesmo dunha auténtica persecución do clero galego, como cando o arcebispo Girón quixo meter na cadea á cuarta parte dos cregos da súa diocese. Un caso conmovedor é o dun sacerdote ancián de Mondoñedo a quen a Inquisición abriu un proceso por explicarlles aos fieis que a comunión era tan doce «como comer un freixó» (o nome que se da en Lugo á filloa sen sangue). O pobre home adiantouse demasiado ao Vaticano II.

Á historia tradicional galega sempre lle gustou imaxinar que unha herexía local do século IV, o priscilianismo, combinada coas crenzas pagás, formou a base dun catolicismo popular galego. Aínda que esta tese é discutible, o certo é que, ata o Concilio de Trento, Galicia vai ser obxecto dunha auténtica «recristianización» que toma ás veces o

carácter de Cruzada. É daquela cando xorden, por exemplo, as grandes romarías, como unha forma de introducir o culto ordenado entre uns fieis pouco dados a el. Hoxe estas romarías celébranse por todo o alto, pero naceron como unha imposición que ao principio non suscitaba entusiasmo ningún.

Ao falar da «doma e castración do reino de Galicia» xa anticipabamos que só houbo «doma». E é que, como vimos no seu momento, a entrada do millo e a pataca no século XVIII veu agravar o problema da superpoboación galega. «Espállanse por toda España», escribiu entón Cadalso con tons de pánico social. Nunha insinuación aínda máis inquietante, unha copliña da época dicía que os galegos...

*Canto a procrear son tan eminentes
E teñen tantos nenos inocentes
Que se aquí outro Heroes degolara
Ben puidera empezar, mais non acabara*

Quizais Herodes non andaba moi lonxe. Neses momentos entraban, tan só no hospicio de Santiago, un milleiro de nenos expósitos ao ano, mentres que as leis obrigaban ás mulleres preñadas a «espon-tanearse» (declarar o seu estado) para impedir que abortasen. Non fai falla lembrar que a entrada nun orfanato, ata o século XIX, era case que unha sentenza de morte. Sabemos que dos acollidos no hospicio compostelán un 90 por cento nunca chegaban a cumprir os dez anos.

A chegada da Ilustración podía ter cambiado un pouco todo iso, pero desgraciadamente non foi así. En 1773 estreouse a primeira ópera galega en Santiago, con letra de Amo y García de Leis e música do italiano Buono Chiodi, titulada *Das avantaxes de España, a de Galicia é a mellor*. O título axiña pareceu un chiste. O Século das Luces non trouxo moitas luces e si, en cambio, un novo estigma, o do atraso. Agora eran os ilustrados os que, aos argumentos xenófobos xa

ben establecidos, sumaban outro: o de que Galicia era un reino in-mobilista, impermeable á innovación. Que resolver ese inmovilismo quizais non estivese de man dos empobrecidos paisanos era algo que non se lle ocorreu, desde logo, ao conde Fernán Núñez cando escribiu en 1777 que «se as casas dos labregos non fosen tobos e os habitantes cochos, había ser a máis fermosa provincia de España e unha das máis produtivas».

Un animal máis para o «bestiario galego». Fernán Núñez non é o único ilustrado que non sabe do que fala. Campomanes queixábase tamén de que os galegos impedían «a labranza continua» do que el chama «terreos despoboados», e que eran en realidade terras de man común para o pastoreo, indispensables para a supervivencia dos cam-pesiños. Outro ilustrado, Torres y Villarroel, que escribira un libro satírico de adiviñacións titulado o *Piscator*, burlase de que ao seu paso por Galicia a xente o tome por un verdadeiro adiviño e lle faga pre-guntas sobre o seu futuro e as súas enfermidades. «Preguntas raras, necias e incríbles», di este autor de obras polo menos raras e incríbles (e quizais un pouco necias, xa postos). A idea de que a sociedade galega é máis supersticiosa que outras xa estaba tamén aquí para que-dar.

Neste océano interminable de maltrato, os padres Feijoo e Sar-miento foron os defensores máis conspicuos dos seus paisanos desde unha perspectiva ilustrada. En realidade, case que foron os únicos. Outros, como Labrada ou Cornide, fixeron propostas concretas e buscaron solucións para a pobreza do seu país, mais a maioría delas non se consideraron e o resto fracasaron, o que volveu explicarse unicamente polo espírito supersticioso dos galegos, a súa ignorancia ou a súa preguiza. Isto, nun século no que a preguiza non era un de-fecto senón un delito, podía ter consecuencias serias. Así, cando se creou o arsenal naval de Ferrol, contrátanse os peóns polo sistema das chamadas «levas honradas», un eufemismo que quería dicir que se

recrutaban á forza entre «xitanos, trasterrados, delincuentes e galegos» para formaren as infamantes «cordas de vagos». Está claro que o politicamente correcto, que non tentara aos Austrias, tampouco tiña lugar na España borbónica.

Xa postos, quizais había máis «delincuentes» que «vagos». A Galicia actual ten unha taxa moi baixa de criminalidade, pero a finais do século XVIII e no XIX era célebre polos seus bandidos. De aquí ven o Fendetestas creado po Fernández Flórez para *O bosque animado* ou o auténtico Mamede Casanova, que aparece na obra da Pardo Bazán e Valle-Inclán, quen tamén escribiu sobre todo bandoleiro famoso, Xan Quinto. Quizais levaba razón. Apiano cando dicía que as galaias «tamén eran guerreiras», porque abundaron as bandoleiras, como Magdalena Rodríguez, Juanita de Paderne e a temida Pepa a Loba. Os rexistros da policía mostran unha epidemia de roubos na primeira metade do século XIX. Como di Carlos Sixirei, non se trataba de bandidos xenerosos: non roubaban aos ricos porque non os había. Coñecemos o inventario do atopado a un ladrón: «1 touciño, 1 libra de la...». No 1826, outro malfeitor roubou os cabos das velas dunha capela na Coruña. Que o crego o denunciase di tanto da miseria dun como do outro.

Os estereotipos da pobreza fóronse enriquecendo con novas figuras que aínda forman parte do imaxinario galego, aínda que hai medio século que desapareceron os seus referentes reais: o vello que toca a zanfona, os «carteis de cego», o neno afectado do tangaraño, a mai solteira (ata un 20 por cento cando se dispáre a emigración americana)... Pero a figura que máis vai influír na percepción do galego en España vai ser, se dúbida algunha, a do segador estacional, o que se coñece como o emigrante tipo «andoriña».

Esta práctica prolongouse ata ben entrado o século XX. Milleiros de galegos camiñaban centos de quilómetros todos os anos para iren á sega de Castela. Saían das súas casas en abril ou maio e regresaban

en setembro. O padre Sarmiento conta o caso dun home culto a quen non creen que sexa galego «por non ser segador», mentres que durante douscentos anos o *Diccionario de autoridades* deu ao termo «gallada» o significado de «*Multitud de gallegos, o tropa de ellos, especialmente quando pasan a Castilla a la siega*».

O trato que se lles dispensaba polo camiño a estes emigrantes era tan cruel que as autoridades víronse abrigadas a ditar unha Real Ordenanza en 1761 pola que se prohibía «facen burla ou maltratar os segadores» e ofrecíanselles garantías de que non ían ser humillados. Pero esta ordenanza non debía ter un grande efecto. Aínda no século XIX, Rosalía facíase eco dunha persistente xenofobia. Agora que xa sabemos de onde viñan os prexuízos de Larra quizais entendamos tamén de onde viña a indignación de Rosalía:

Castellanos de Castilla

Tratade ben aos galegos

Cando van, van coma rosas

Cando ven, ven negros.

A Azorín, en 1917, parecíalle que a poetisa fora «un pouco inxusta» nestes versos, mais reconece que «as súas palabras explícanse». Se ben empeza dicindo que esas cousas pertencían xa ao pasado, remata aceptando que «hoxe mesmo perdura entre o vulgo esta estúpida prevención contra os galegos». Parece que si perduraba. Neses mesmos anos, Prosper Henri-Devos recolle un dito castelán: «*Tratáronme como se fose galego*». Unamuno, pola súa parte, tiña o seu propio comentario ao famoso verso rosaliano:

É que os trataban mal? Non. Eran eles quen se trataban mal por aforrar uns cartos e logo gastalo na súa «terra».

Aínda nunha data tan serodia como 1951 Rodríguez Marín recollía na súa antoloxía de cantos populares un que dicía:

*Veña o galego segar,
miserable xornaleiro
que os homes de Castela
teñen o traballo a menos.*

Mais Rosalía anunciaba xa unha nova sensibilidade, mesmo entre os non galegos. Do desprezo raiano na animalización pasouse a un desgusto paternalista, moito máis moderado. Algunhas cousas empezaron a atenuar a visión fondamente negativa do galego, polo menos entre as persoas cultas: o xurdir dunha clase media urbana, de escritores como a propia Rosalía ou a Pardo Bazán, dos numerosos políticos galegos da Restauración, xunto co descubrimento romántico da paisaxe... Neses anos, nada menos que un de cada dez habitantes de Madrid era galego.

Ese século XIX é o dos «galleguitos» como o do conto de Fernán Caballero (1877), que falan unha lingua aínda considerada cómica (confundido, como sempre, a fonética galega coa asturiana). Os «galleguitos» son ignorantes pero non malvados. Como prototipos do «bo salvaxe» roussoniano, o francés Alexandre Laborde ve os galegos «libres de praceres desordenados», vivindo «felices, bebendo leite das vacas e comendo chacina (chacina?) e pan de centeo e nabos». O poeta catalán Maragall mesmo ve unha nobreza e unha graza especial na forma de mendigar do galego, o que haberá que entender como un eloxio. O inefable Unamuno dirá que o mendigo galego é particularmente «filosófico» e Azaña que «nunca vin mendigos tan mendigos como os galegos». Algo é algo.

Os liberais seguiron encontrando os seus propios motivos de queixa. Para Emilio Castelar, o problema era que os galegos eran «intole-

rantes e intransixentes en materia relixiosa», para Salmerón eran todos «momias ou carlistas», para Segovia y Corrales era un «país feudal», e José González Rivas refire «a súa intensa preguiza de espírito, especie de indolencia musulmá» (!). E velaí outro clíxé que se puña en marcha: o dunha Galicia conxenitamente conservadora.

Algún dos que eloxia Galicia faino precisamente por esa suposta actitude submisiva, como cando Alejandro Mola di non «profesar antipatía» por «esas provincias» (as dúas expresións son xa en si significativas), e isto...

...polo patriotismo de non ter xamais promovido disturbios, guerras civís nin ter admitido desvaríos separatistas, senón satisfacendo sempre coa maior conformidade e puntualidade os tributos e gabelas, sen asonadas nin motíns.

Don Alejandro, que escribía isto en 1898, estaba felizmente desinformado. O ano anterior acababa de fundarse a Liga Gallega e nos seguintes comezaría a axitación agrarista que ía poñer a Galicia nun estado de sublevación case que permanente durante unha década.

O paradoxo é que parte da explicación da repentina simpatía polos galegos entre os anos setenta e oitenta do século XX débese precisamente a esta idea de que son tradicionais e conservadores, idea que, como veremos máis adiante, é enganosa. Desde a chegada da democracia, e nun panorama político dominado polos conflitos entre o centro e a periferia, Galicia parecía dar un exemplo de mesura nestas cuestións (que en realidade era máis ben indiferenza). De novo, comparados con cataláns e vascos, os galegos parecían «non ter xamais promovido disturbios nin ter admitido desvaríos separatistas», como dicía don Alejandro. O ascenso do nacionalismo galego nos últimos anos empeza xa a modificar esa percepción, pero o fenómeno resulta tan confuso para o español medio que isto aínda non tivo un impacto notable.

A esta explicación hai que engadir outra, máis sociolóxica e, se se quere, xeográfica. Cunha poboación que equivale á metade da de Madrid e unha economía moi modesta e «rara», ata hai pouco Galicia non competía en nada co resto de España; nin en industria nin en poder. Nin sequera, ata moi recentemente, na Liga de fútbol. A relativa distancia de Galicia, o seu «autismo» social e político, son os que lle permitiron manter o prestixio de quen é singular pero non ameazante. A isto hai que sumar unha nostalxia e un sentimentalismo: para a maioría dos españois, Galicia é un lugar de vacacións que o turismo rural e o Camiño de Santiago teñen convertido nunha rexión universalmente considerada fermosa e hospitalaria. Noutros casos é algo máis que iso: para multitude madrileños, barceloneses e bilbaínos, Galicia é a terra de algún dos seus avós (ou de todos eles). En todo caso, como dicíamos ao comezar, non hai senón que felicitarse desta nova actitude, que tanto se fixo esperar.

Pero isto é o que pensaron os foráneos dos galegos ao longo dos anos. Que é o que pensaban os galegos de si mesmos?, estarase preguntando o lector. Disto ímonos ocupar agora.

Netos de Breogán, fillos de Rosalía

Nestes tempos en que tan desacreditada está «a mirada do outro», e con frecuencia con razón, quizais veña ben lembrar que a mirada dun mesmo non está tampouco exenta de prexuízos. No caso dos galegos esa mirada doméstica foi indo sempre dun extremo a outro. Como se se tratase dunha sociedade ciclotímica, o que o galego pensa de si mesmo pasa facilmente da euforia á melancolía, do orgullo moderado á vergoña enfermiza. Do «galego pero honrado» que vimos no Século de Ouro ao patriotismo desbordado de Alfonso Peryra, autor dun vasto poema en hendecasílabos co que se propoñía demostrar que o Antigo Testamento transcorría integramente en Galicia.

Ben. Quizais non é doado vivir cun xentilicio para o que a sexta edición do *Diccionario da Real Academia da Lingua Española* inclúe as acepcións de «parvo» e «tatexo» (o da Academia de Costa Rica engade «persoa falta de entendemento e razón», e os de Cuba e Puerto Rico, un tanto enigmáticamente, «lagarto que vive nas beiras dos ríos e que nada con moita rapidez».) Pero xa vimos abondo de todo isto. O caso é que á percepción negativa nacida no século XVI, os intelectuais galegos non souberon que dicir ata mediados do século XIX, cando finalmente atoparon unha imaxe de si mesmos que lles satisfacía. En realidade foron dúas imaxes, as dúas distintas, ambas contra-